



6. CURSO MONOGRÁFICO DE INICIACIÓN PARA PRINCIPIANTES ABSOLUTOS

Nome: ELE-PUB-XER-A1-60A-1. / ELE-PUB-XER-A1-60B-1

Curso de iniciación para principiantes absolutos

Nivel: A1

Duración: 1º cuatrimestre – 60 horas, das cales 52 son presenciais e 8 de traballo individual.

2º cuatrimestre – 60 horas, das cales 52 son presenciais e 8 de traballo individual.

Horario: mércores e venres de 16:00 a 18:00. 4 horas / semana

Lugar: Aula 1

Obxectivo: Capacitar o alumnado para desenvolverse de forma elemental e satisfacer necesidades de tipo inmediato. Este nivel de uso do idioma permitirá, igualmente, actuar en situacións moi cotiás mediando entre falantes de distintas linguas para facilitar a comunicación.

Unha vez adquiridas as competencias correspondentes ao nivel básico A1, o alumnado será capaz de:

- Comprender a información esencial en textos orais moi breves.
- Producir e coproducir, tanto en comunicación cara a cara como por outros medios técnicos, textos orais moi breves con estruturas moi sinxelas e habituais, relativos

a necesidades inmediatas e temas moi cotiáns e predicibles.

- Comprender o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos moi breves e sinxelos claramente estruturados
- Producir e coproducir, independentemente do soporte, textos moi breves e sinxelos con información moi básica relacionada con actividades cotiás e de inmediata necesidade ou información persoal.
- Mediar entre falantes de distintas linguas en situacións de carácter moi habitual en que se producen intercambios moi sinxelos de información relacionados con asuntos moi cotiáns ou con información persoal moi básica.
- Aplicación dos coñecementos, destrezas e actitudes interculturais que permitan levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás e familiares moi sinxelas: coñecementos culturais básicos, observación, escoita, posta en relación, respecto.

Contidos:

- Usos sociais da lingua (saudar e despedirse, presentarse, dirixirse a alguén, pedir desculpas, agradecer...); manifestar comprensión e incompreensión; preguntar o significado de algo; pedir e dar información sobre datos persoais, lugares, datas, prezos, actividades, etc.; expresar opinións e valoracións; comunicar estados de saúde, sensacións e sentimentos; petición de instrucións e suxestións.
- Estruturas sintácticas moi sinxelas para expresar a entidade, o espazo, o tempo, estados e accións; a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación e as

relacións lóxicas de conxunción e disxunción.

- Vocabulario relativo a identificación persoal; vivenda, fogar e contorna; relacións familiares e sociais; traballo e profesións; servizos públicos; tempo libre e ocio; alimentación; viaxes; información e medios de comunicación; compras e actividades comerciais; saúde e coidados físicos; educación; clima, condicións atmosféricas e ambiente; e ciencia e tecnoloxía.
- Ortografía elemental propia do nivel.

Metodoloxía: Seguirase unha dinámica colaborativa e de participación activa do alumnado.

Material: Todo o material necesario para o seguimento do curso será proporcionado pola docente na aula presencial ou virtual.

Avaliación: A avaliación exprésarase en termos de *apto* ou *non apto*. Para obter a cualificación de *apto* é necesario asistir polo menos ó 50% das sesións presenciais, participar activamente durante as sesións e realizar o traballo individual que determine a docente.

7. CURSO MONOGRÁFICO DE COMPETENCIAS SOCIOCULTURAIS

Nome: ELE-PUB-XER-C1-30B-1. Competencias socioculturales.

Nivel: C1

Duración: 2º cuatrimestre - 30 horas, das cales 26 son presenciais (ou telemáticas se a situación así o require) e 4 de traballo individual

Horario: mércores de 16:00 a 18:00 (2 horas / semana)

Lugar:

- En caso de ensino presencial: aula 2
- No caso de ser telemático, empregaríase:

<https://eduxunta.webex.com/meet/ncasielles>

Obxectivo: Acadar un dominio adecuado de coñecementos, destrezas e actitudes necesarios para abordar en extensión a dimensión social do uso da lingua española.

Contidos:

- Relacións interpersoais e normas de cortesía
- Pautas de comportamento social: costumes e valores
- Convencións sociais e fórmulas de tratamento
- Condicións da vida cotiá: vivenda e estrutura social
- Expresións populares e de sabiduría
- Kinésica e proxémica

- Ocio, festividades e horarios
- Poderes e institucións do Estado
- Acontecementos máis relevantes na Historia de España
- Xeografía galega e española
- Máximos expoñentes da cultura, o deporte e a ciencia en España

Metodoloxía: Seguirase unha dinámica colaborativa e de participación activa do alumnado. Se as condicións sanitarias se manteñen na situación actual, realizaranse visitas a lugares de interese relacionados coa temática do curso.

Material: todo o material necesario para o seguimento do curso será proporcionado pola docente na aula presencial ou virtual.

Avaliación: A avaliación expresarase en termos de *apto* ou *non apto*. Para obter a cualificación de *apto* é necesario asistir polo menos ó 50% das sesións presenciais, participar activamente durante as sesións e realizar o traballo individual que determine a docente.